



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

## **CIRCULAR 150-2026**

### **XXVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS MASTER**

**Art.1).-** A Federación Galega de Atletismo organiza, o 26 e 27 de setembro nas pistas de Balaídos (Vigo), o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Máster.

**Art.2).-** Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

\*Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2025, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo dunha carreira, un salto e un lanzamento.

**Art.3).-** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 14 de setembro.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.

**Situacións a referir no campo observacións da inscrición e formato de comunicación:**

- Persoas con marca en combinadas, cuxa marca non apareza automaticamente na inscrición:

*Décathlon - 4123p - Lugo - 15/05/25*

- Persoas sen marca en combinadas: indicar as marcas realizadas de xeito individual nas probas que a compoñen:

*Peso - 10.98 - Vigo - 27/06/25*

*Lonxitude - 5.37 - Ourense - 05/01/26*

...

**Art.4).-** Comunicación de baixas.

- Serán remitidas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal)
- O prazo ordinario de comunicación rematará ás 14:00 horas do venres 18 de setembro.

**Art.5).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).-** A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará, cada xornada, 50' antes do comezo da súa combinada.

**Art.7).-** Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas na primeira proba de cada xornada provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

| <b>SAÍDA A PISTA</b>                          |     |
|-----------------------------------------------|-----|
| <b>Minutos antes da hora oficial da proba</b> |     |
| Carreiras                                     | 5'  |
| Concursos                                     | 25' |

**Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.**



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



### **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

**Art.8).- Liñas de batida na lonxitude:** ata un máximo de 2.

**Art.9).- Cadencias nos saltos verticais.**

- Comezarse na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación.

**Art.10).- Horario:** (poderá ser modificado en función das inscricións)

| SÁBADO |           |             |
|--------|-----------|-------------|
| HORA   | HOMES     | MULLERES    |
| 16:40  | 100       |             |
| 17:00  |           | Valos altos |
| 17:15  | Lonxitude |             |
| 17:40  |           | Altura      |
| 18:15  | Peso      |             |
| 19:10  | Altura    | Peso        |
| 20:20  |           | 200         |
| 20:30  | 400       |             |

| DOMINGO |             |           |
|---------|-------------|-----------|
| HORA    | HOMES       | MULLERES  |
| 10:00   | Valos altos |           |
| 10:35   | Disco       | Lonxitude |
| 11:35   | Pértega     |           |
| 11:50   |             | Xavelina  |
| 13:00   | Xavelina    |           |
| 13:30   |             | 800       |
| 13:50   | 1500        |           |

**Art.11).- Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.**

**Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por atleta.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

A Coruña, a 07 de setembro do 2026

Yolanda González Fernández  
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo